

# Análise e evolución da Galipedia, a Wikipedia en lingua galega

**Adrián ESTÉVEZ IGLESIAS**

estevoaei@hotmail.com

**Benedicto RIOBÓ VILLANUEVA**

beninhus@gmail.com

(Administradores da Galipedia)



**WIKIPEDIA**  
A enciclopedia libre


## 1. A GALIPEDIA

A Galipedia é o nome co que se coñece a versión en lingua galega da Wikipedia, unha enciclopedia colaborativa aberta ás achegas de todas as persoas que queiran participar. O seu contido abrangue os máis diversos temas, aceptándose as diversas correntes de pensamento sempre que estas non sexan agresivas coas demais.

A Wikipedia, ao ser unha enciclopedia colaborativa en liña, ten dúas grandes diferenzas con respecto ás enciclopedias clásicas: un crecemento desorbitado e unha gran capacidade de recoller e adaptar información de forma practicamente inmediata. En moitas ocasións, as novas transcendentales ou os óbitos de personalidades pasan a formar parte da Galipedia en cuestión de horas ou mesmo de minutos. A información tomada da rede procede en certa medida dos outros proxectos wiki (na actualidade existen wikipedias en 283 linguas).

A enciclopedia emprega a licenza pública xeral de GNU. É unha licenza de tipo *copyleft* para contidos libres, que permite a copia mencionando a procedencia.

A Wikipedia, na súa versión en lingua inglesa, apareceu o 15 de xaneiro de 2001, lanzada por Jimmy Wales e Larry Sanger. A versión en lingua galega apareceu o 8 de marzo de 2003, creada por un editor da wikipedia en interlingua. No mes de xullo dese mesmo ano rexistrouse o que sería o primeiro administrador da Galipedia, o usuario Agremon. Un ano despois da súa fundación acadábase a cifra dos 1000 artigos. Dende entón o proxecto comezou a medrar, tanto en número de usuarios como en número de entradas, chegándose ás 10 000 páxinas en novembro de 2005, e dobrándose esta cifra un ano despois. Nesas datas completouse a creación dos artigos de todos os concellos galegos e de todos os países do mundo, e apareceu a nova versión da páxina de Portada da Galipedia. No ano 2006 multiplicouse o número de artigos e creouse o *Xornal da Galipedia*, un medio para informar do que sucede na wiki. Coa chegada dos 30 000 artigos estreouse nova Portada e novo Portal da Comunidade despois de meses de traballo, e numerosos medios fixeron



Creación anual de novos artigos na Galipedia (aproximada)

referencia a este fito. A partir desa data o ritmo de crecemento foi duns 1000 artigos mensuais ata os últimos meses, nos que aumentou significativamente.

## 2. FACTOR HUMANO

Calquera persoa pode editar na wikipedia, máis alá da súa idade, intereses ou lugar de procedencia. O único requisito é contar con acceso á rede. Pode editarse de forma anónima, ou rexistrándose como usuario ou usuaria habitual. Ao se rexistrar, a persoa pode crear a súa propia páxina, onde se adoita contar quen é e que intereses ten.

O poder editar de forma libre implica que de cando en vez se leven a cabo edicións vandálicas, que pode revertir calquera persoa. Porén, para evitar edicións non útiles feitas de forma reiterada por alguén, o seu enderezo IP ou a súa conta de usuario pode ser bloqueada, ben por un tempo determinado ou indefinido.

A acción de bloquear a alguén só pode ser levada a cabo polos administradores. Estes son usuarios con experiencia no funcionamento interno da wikipedia, e elixidos pola comunidade. En xaneiro de 2012 a Galipedia contaba con 9 administradores.

Á súa vez, un usuario só pode ser nomeado administrador por un burócrata. Estes usuarios adoitan ser administradores con maiores coñecementos técnicos (programación), e con maior relación con outras wikipedias e coa fundación Wikimedia. Tamén son elixidos pola comunidade, e a comezos de 2012 a Galipedia tiña 3 burócratas.

Cada usuario rexistrado ten unha páxina de conversa para poder comunicarse co resto de editores. Porén, para tratar os temas comúns, existe a Taberna; alí créanse páxinas de debate, resólvense dúbidas puntuais, infórmase das novidades e abórdanse outros aspectos relacionados co mundo wiki. Conta con 7 apartados: novas (aconte-

cementos recentes e novidades relacionados coa wiki), políticas (creación ou reformulación das normas), técnica, propostas (ideas novas), axuda, imaxes e xeral.

A Galipedia deu pé a unha comunidade de persoas que colaboran no mesmo proxecto, con intereses similares a pesar das múltiples diferenzas de procedencia, como a idade, a xeografía ou a ideoloxía. Esta comunidade realiza encontros nos que se fala da historia da Galipedia, da súa realidade presente e dos seus obxectivos futuros.

As persoas non só colaboran a través da rede, senón que se levaron a cabo diversos proxectos de difusión da Galipedia, como obradoiros en centros educativos. Esta difusión tamén apareceu recollida nos medios de comunicación, aparecendo entrevistas a persoas usuarias en medios escritos, radio e televisión.

Máis alá da mera relación arredor da enciclopedia, tamén existe un elo de amizade formado no seu seo.

Curiosamente, unha das eivas da Galipedia, común a todas as Wikis segundo diferentes estudos, é a escasa presenza de editoras.

## 3. CONTIDOS

A Portada é a páxina principal dunha wikipedia. No caso concreto da Galipedia, conta con catro apartados principais: unha imaxe destacada que muda semanalmente, dous artigos destacados que mudan cada mes (un deles relacionado directamente con Galiza), e as efemérides de cada día. Amais, hai unha ligazón ao artigo sobre a importancia do mes en curso na cultura popular galega. As imaxes e os artigos destacados son propostos e elixidos pola comunidade.

A temática dos artigos tratados é moi ampla. Só unha parte deles (arredor dun 30%) están relacionados directamente con Galiza, e nos que non o están, búscase na medida do posible falar da relación con Galiza (por exemplo, no artigo de Citroën fálase da planta de Vigo).

Cada persoa que edita ten uns intereses persoais, nos que centra as súas achegas. Con todo, a través da redacción de artigos na Wikipedia chégase a novas inquedanzas, e moita xente que comeza tratando un tema concreto, comeza a colaborar noutros artigos totalmente distintos a través de afinidades transversais.

Os artigos de calidade cumpren con certos requisitos: ser completo e entendible, estar co-



Gravado da cabeceira de *A Nosa Terra*

rectamente redactado, seguir o libro de estilo, e ter imaxes relacionadas. En xaneiro de 2012 había sete artigos de calidade: Castela, Ramón Piñeiro, Lugo, Hórreo galego, Estatuto de Autonomía de Galiza de 1936, Club Baloncesto Breogán e Reino de Galiza.

Existen artigos sobre os 315 concellos galegos, e están a completarse todas as parroquias e moitos dos lugares da nosa xeografía. Amais, está ben completa a lista de illas, cabos ou ríos galegos, e existe tamén información sobre os montes, praias, covas ou lagoas. Da xeografía internacional, existe información sobre todos os estados actuais e as súas capitais, de todas as provincias españolas e estados estadounidenses, e información abondo de cidades importantes para a cultura galega, como Bos Aires.

A respecto da historia, trátanse os percorridos das diferentes civilizacións. A historia de Galiza, conta con numerosos artigos propios, desde as diferentes épocas da prehistoria (megalitismo, cultura castrexa...), a romanización, a aparición do reino de Galiza, a Ilustración, até a actualidade contemporánea. Desde a chegada de Décimo Xunio Bruto até o proceso de fusión das caixas galegas, pasando polas incursións dos viquingos, as revoltas irmandiñas, a batalla de Ponte Sampaio ou a catástrofe do *Prestige*.

Ao tempo, hai artigos relativos ao patrimonio arqueolóxico e arquitectónico dos diferentes

períodos: desde os restos megalíticos até a Cidade da Cultura, pasando polas catedrais, os pazos, os poboados castrexos, as fortalezas medievais, os templos romanos ou o Pórtico da Gloria. Parte deste patrimonio, declarado Ben de Interese Cultural e mesmo Patrimonio da Humanidade (casos do casco histórico de Compostela, camiño de Santiago, muralla de Lugo e Torre de Hércules) merece especial atención.

Respecto á literatura galega, unha das prioridades iniciais foi facer artigos das persoas homenaxeadas no Día das Letras Galegas. Durante o 2011 traballouse profundamente no artigo de Valentín Paz-Andrade, homenaxeado no 2012. Actualmente existen non só artigos da maior parte das autoras e autores das nosas letras, senón tamén boa información sobre as correntes literarias, as editoriais, e numerosas obras de narrativa, verso ou ensaio.

Procúrase non deixar de lado a literatura universal ao longo da historia, e, así, existen artigos das personalidades galardoadas co Premio Nobel de Literatura, e das obras escritas máis importantes. Recóllense tamén aspectos como os diferentes recursos estilísticos empregados.

A lingua galega, non podía ser doutro xeito, aparece amplamente reflectida. Desde a súa historia, até as variedades dialectais e normativas actuais, a súa presenza na sociedade ou a súa fonoloxía. Procúrase tamén facer artigos sobre as linguas que teñen a súa propia Wikipedia (283 en xaneiro de 2012), incluídas algunhas artificiais como o esperanto, e outras de pouco uso na actualidade como o latín.

Son amplamente tratados outros aspectos da cultura como a relixión e a mitoloxía, amais da cultura popular. A pegada da relixión católica en Galiza reflíctese non só no patrimonio arquitectónico dos templos, desde os prerrománicos até os barrocos, senón no imaxinario común. Con todo, aparecen recollidos moitos mitos e lendas cristiáns con forte pegada. A Galipedia recolle tamén a importancia da gastronomía nas diferentes culturas.

Algúns campos das ciencias experimentais tamén aparecen relacionados con Galiza. A bioloxía abrangue a flora e fauna galega, desde os diferentes tipos de salmónidos pescados nos nosos ríos até as herbas de San Xoán ou os diferentes tipos de carballos, por poñer dous exemplos.

Con todo, tamén hai oco para outros aspectos alén da realidade máis próxima. Así, hai numerosos artigos de astronomía, como as lúas de



Imaxe dun Boteiro en Vilarinho de Couso.  
José Pereira.





Caravilleiro dunha Fender Stratocaster. Bene Riobó.

Saturno, estrelas de galaxias máis afastadas (incluídas as constelacións xa estudadas polos nosos devanceiros), ou os diferentes foguetes lanzados no século XX ao espazo.

Por suposto, ao ser unha enciclopedia en liña, dáselle moita importancia ao papel das novas tecnoloxías e a súa aplicación no ensino, desde a educación primaria até a universidade. E ao ser unha enciclopedia aberta á edición e á lectura, fálase das licenzas de dereitos de autoría aplicadas ao *software* informático: desde a súa historia até a programación e edición das diferentes utilidades.

Outro campo de importancia na Galipedia é o das personalidades. Aparecen recollidas persoas con importancia nos seus campos de traballo, desde as diferentes xefaturas de estado actuais, as persoas premiadas cos premios Nobel ou Óscar, os papas e antipapas da igrexa católica apostólica romana ao longo do tempo, membros da selección de rugby de Nova Celandia, ou os diversos



Partido de rugby. Ddfree.

alcaldes e alcaldesas galegas, por poñer exemplos diversos.

Hai información completa sobre personalidades do audiovisual (desde Chano Piñeiro ou Isaac Fraga até Woody Allen ou Theo Angelopoulos), da música (de Andrés do Barro a Ian Curtis ou Lady Gaga), deporte (Arsenio Iglesias, Usain Bolt) ou empresariado (Amancio Ortega, Bill Gates).

Procúrase que estas personalidades teñan imaxe de seu. Moitas das persoas colaboradoras adoitan ter un aquel de xornalista, pois procuran levar a cámara a eventos como recitais poéticos, concertos, encontros deportivos, presentacións de libros ou plenos municipais. Isto facilita que exista un fondo de imaxes importantes para unha enciclopedia, desde fotos de escavacións arqueolóxicas na procura de persoas fusiladas na guerra civil ao funeral de Manuel Fraga.

#### 4. ESTADÍSTICAS

Vaiamos cuns poucos datos da Galipedia. No mes de decembro do ano 2011 a Wikipedia en galego acadou a cifra dos 80 000 artigos creados, o que a sitúa no número 43 das 283 existentes. Con respecto á creación de novas entradas, talvez o principal dato que reflicte a evolución dunha Wikipedia, no ano 2011 creáronse unha media duns 1000 artigos cada mes, e este ritmo mantense dende o ano 2008, a pesar de que nos últimos meses se está a apreciar un aumento na aparición de novas entradas (no mes de decembro de 2011 superáronse os 2000 artigos novos). Non se trata dun mal número tendo en conta o número de persoas galegofalantes, pero a cantidade de entradas pode ser un dato que leve a engano.

Un dos principais obxectivos da Galipedia é achegar artigos de calidade, e que estes sexan realmente útiles para quen busca esa información. De nada serve ter máis de 80 000 entradas se estas apenas teñen contido e non deixan de ser meros bosquejos. Neste sentido, hai uns certos factores numéricos que miden a calidade dunha Wikipedia. Ben é certo que non deixan de ser números, pero con eles é posible facerse unha idea do esforzo empregado nas achegas dos usuarios e usuarias.

A fundación Wikimedia elaborou un estudo baseándose nos 1000 artigos que toda Wikipedia debería ter. Neste tivéronse en conta varios datos. Por unha banda o tamaño medio dos artigos, dividíndose estes, dependendo da súa extensión,

en bosquexos, artigos e artigos longos. Mediuse tamén a cantidade de edicións, xa que cantas máis revisións, menos erros deberían ter. E por último a cantidade de editores: un artigo elaborado por un único editor pode ter un certo grao de subxectividade, pero se se trata dunha páxina elaborada por multitude de persoas distintas o seu resultado resulta máis obxectivo. A intención deste estudo era medir a calidade das distintas Wikipedias, e neste sentido a nosa Galipedia tiña a comezos de 2012 un honroso posto 36.



Solpor na praia de Carnota. Ramón Piñeiro.

Actualmente o número de usuarios rexistrados supera os 30 000, pero este dato pode levar tamén a equívocos. A gran maioría destes son persoas que apenas realizaron edicións na Galipedia, usuarios que un día se rexistraron, fixeron unha edición e non regresaron; moitos outros son asiduos doutras Wikipedias que teñen contas en varias linguas e ás veces fan pequenas tarefas. Un dato máis realista é o número mensual de editores: no noso caso preto de 300 persoas realizaron edicións no mes anterior a escribir este texto.

## 5. TRABALLO INTERNO

O traballo de creación e corrección non é o único a realizar dentro da Galipedia. Ante tal cantidade de artigos, a pesar de non ser tantos como noutras moitas Wikipedias, é necesario pensar a súa organización, intentar uniformizar os contidos de artigos da mesma temática, corrixir erros, crear modelos ou vixiar edicións vandálicas, entre outras tarefas. É ben certo que o traballo de creación

é o que máis satisfacción dá á meirande parte dos usuarios, pero o resto dos traballos é necesario para os que gozamos saltando dun artigo a outro.

Un dos labores máis importantes é o da categorización dos artigos. Como norma cada entrada debe estar incluída nun dos grandes bloques temáticos nos que está organizada a Galipedia. Na actualidade posuímos catro grandes categorías: matemáticas e ciencias naturais, arte e cultura, filosofía e ciencias sociais, e ciencia e tecnoloxía. Cada unha delas á súa vez vai dividíndose en distintas categorías que permiten ter todas as achegas organizadas e facilita a navegación e a procura de información relacionada.

Outra tarefa importante, que é unha das grandes vantaxes da Wikipedia, é a integración de ligazóns no texto, que se inclúen cuns sinxelos comandos á hora da edición. Existen tres tipos de ligazóns: as ligazóns internas, visibles en cor azul, e que permiten saltar a outros artigos existentes na propia wiki premendo a palabra no texto co vínculo; os chamados “interwikis”, que levan cara á mesma entrada nas Wikipedias doutras linguas (podemos atopalas nunha columna na parte esquerda da pantalla); e as ligazóns externas, que conducen a páxinas externas á wikipedia, moitas das veces páxinas web oficiais do suxeito do artigo, onde poder ver información relacionada.

Un dos aspectos máis vixiados é a ortografía. Desde a creación da Galipedia no 2004 non houbo mudanzas nas *Normas Ortográficas e Morfolóxicas da Lingua Galega*, pero existen aínda moitas incorreccións, ben por confusións coa norma anterior (\*traducción, \*sen embargo...), castelanismos (\*surleste, \*mentras...), vulgarismos ou hipergaleguismos. En moitos casos, á hora de editar pode axudar o simple uso dun corrector automático do navegador. A propia Galipedia conta cun detector de erros frecuentes para os artigos xa editados. E existen *bots* (editores automáticos) aos que se lles pode encargar que corrixan por si mesmos certos erros, como mudar \*mentras por mentres, por exemplo.

Outro dos aspectos importantes é a redacción, toda vez que se evita a presenza de certas fórmulas pouco enciclopédicas, como o uso da primeira persoa (*podemos ver...*), as apreciacións persoais (*o mellor pintor da historia...*) ou as indefinicións temporais (*actualmente...*).

Con todo, debe dicirse que existe un alto nivel de corrección na Galipedia; neste senso cómpre salientar que os artigos novos son revisados polos usuarios e usuarias máis experimentados.

Un aspecto importante, como xa se adiantou un pouco máis arriba, é a inclusión de imaxes nas entradas. Non é un tema sinxelo, pois moitos usuarios novos tenden a subir imaxes tiradas da internet e integralas nas páxinas, pero a política de imaxes da Galipedia só permite o uso de contido libre. Todos os ficheiros subidos deben contar cunha licenza que permita o seu uso na Wikipedia, ademais doutros datos que faciliten a súa categorización e nos ofrezan información. Debido á imposibilidade de poder incluír na Galipedia calquera imaxe, faise entón necesario conseguir fotografías que cumpran estes requisitos para que ilustren moitas das entradas. Este é un labor interesante para moitos galipedistas, e na actualidade existe un proxecto para ilustrar todas as parroquias galegas.

Os artigos novos adoitan ser revisados e mellorados. Porén, existe aínda un certo número deles con problemas: artigos pendentes de tradución, duplicados (con diferente nome pero co mesmo contido), con problemas de estilo (sen for-

mato wiki, sen categorías ou sen interwiki), sen referenciar, orfos (sen artigos que liguen cara a el), ou con categorías pantasma (categorías aínda non creadas). Outro tipo de problema é que algúns artigos non teñen contido relacionado con Galiza ou que, pola contra, só están centrados nos aspectos galegos dese asunto. Tamén existen imaxes pendentes de revisar, ao non estar clara a súa orixe ou a licenza coa que foron subidas.

Un dos aspectos nos que maior autocritica hai é na *profundidade* dos artigos. Aínda que aumenta o número de artigos, é importante que os xa existentes medren e se actualicen correctamente (por exemplo, que no artigo dun estado se actualice a presidencia se existen eleccións).

Queda aínda moito traballo que facer por diante, pero aos poucos, e coa colaboración de todos os que se animen a participar no proxecto, agardamos que a Galipedia continúe a ser un espazo de referencia do coñecemento en lingua galega na rede.